

---

## Incidencias RECETGA

- Actualizado (12.09.2005)

Nas últimas semanas producíronse incidencias que afectaron aos servizos fornecidos pola Rede de Ciencia e Tecnoloxía de Galicia. Así, producíronse incidencias que provocaron dous cortes de servizo:

Un primeiro corte produciuse ás 16:30 do 30 de outubro. Este corte foi debido a un problema no conmutador central da RECETGA no que bloqueouse unha das matrices de conmutación. No devandito conmutador é onde está físicamente a conexión da fibra que enlaza con RedIRIS.

A pesar de que este conmutador conta con toda a redundancia posible (doble fonte, controladoras duplicadas en cada unha das dúas matrices, etc...) o fallo dunha das súas matrices provocou a caída da conexión con RedIRIS así como a interrupción das conexións de todos os centros da RECETGA. Técnicos do CESGA manteñen contactos co fabricante e o instalador deste equipo para obter explicacións para evitar que se volva a producir esta incidencia. Todos os servizos de rede foron reestablecidos ás 17:30 do 31 de outubro.

Un segundo corte produciuse ás 15:40 do día 3 de novembro debido a incidencias en equipos da RedIRIS. Este corte afectou a todos os centros e redes rexionais conectadas a RedIRIS. A incidencia que provocou o corte debeuse a un problema no sistema de ar acondicionado da sala de equipos en RedIRIS. Como consecuencia deste, produciuse un sobrequeamento das máquinas, perdéndose a conectividade progresivamente de todos os centros e redes conectadas a RedIRIS.

Tras resolverse o problema do sistema de aire acondicionado, procedeuse ao reinicio dos routers, recuperándose a conectividade. O servizos foron restablecidos ás 16:30 do día 4 de novembro.

Técnicos do CESGA monitorizan a rede durante os festivos e as fins de semana. O CESGA lamenta as molestias ocasionadas os usuarios.

Se precisa máis información acerca destas incidencias pregámoslle se poña en contacto co responsable de rede do seu centro.